

EGAP: CONVOCATORIA DE CURSOS PARA PERSOAL DOS ENTES INSTRUMENTAIS DO SECTOR PÚBLICO AUTÓNÓMICO

Santiago de Compostela 01/09/2022

Publicada hoxe a [resolución do 22 de agosto de 2022 pola que se convocan cursos para persoal dos entes instrumentais do sector público autonómico.](#)

As actividades formativas figuran no anexo II, e deberán desenvolverse segundo as bases detalladas no anexo I.

Requisitos dos/das participantes:

Poderá participar nas accións formativas convocadas nesta resolución o persoal que se encontre en situación de servizo activo (incluído o persoal que teña concedido un permiso por motivos de conciliación da vida persoal, familiar e laboral) e que reúna os requisitos establecidos nesta convocatoria, das seguintes entidades:

- Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A. (SPI Galicia),
- Fundación Cidade da Cultura de Galicia (FCC),
- Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (Seaga),
- Sociedade Xestora de Entidades de Inversión de Tipo Cerrado, S.A.U. (Xesgalicia),
- Galicia Calidade, S.A.U.,
- Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. (CRTVG),
- Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A. (Sogama)
- Redes de Telecomunicación Galegas (Retegal, S.A.).

Desenvolvemento das actividades de formación

- Os cursos realizaranse cos requirimentos, a duración e as condicións que para cada un deles se indiquen na convocatoria.
- A **información** relativa ao desenvolvemento das actividades, así como as súas posibles modificacións, será actualizada e ampliada na páxina web: <https://egap.xunta.gal>.

Solicitudes e prazos

- **Prazo de solicitudes: dende o día 2 ata o día 12 de setembro de 2022.**
- As solicitudes **só poderán realizarse** mediante o **formulario de matrícula telemática** dispoñible no enderezo : <https://egap.xunta.gal/matricula> desde as **9:00** horas da **data de inicio** do prazo de presentación de solicitudes e **ata as 14.00** horas da **data de finalización**.

Criterios de selección

O criterio de selección será **por orde de inscrición ata esgotar a totalidade das prazos.**